



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO ACCION SOCIAL, CULTURAL E DEPORTES
SERVIZOS SOCIAIS

EXPEDIENTE: 2023000033809

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DOS PREMIOS DO X PREMIO “CONCEPCIÓN ARENAL” A PROXECTOS EDUCATIVOS POLA IGUALDADE DE XÉNERO, ANO 2023.

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES:

1.- No BOP número 183 do 25 de setembro de 2023 publicáronse as Bases da convocatoria, do X Premio Concepción Arenal a proxectos educativos pola igualdade de xénero 2023, que foron aprobadas pola resolución da Presidencia número 34929, do 18 de setembro de 2023.

2.- O xurado foi nomeado por resolución da Presidencia número 3244, de 29 de xaneiro de 2024.

3.- De conformidade coas bases quinta e sexta o xurado reuniuse o día 30 de abril de 2024 e formulou a súa proposta, tal e como consta na acta correspondente que se achega ao expediente da convocatoria.

Á vista do contido da acta e logo dos informes dos servizos de Acción Social, Cultural e Deportes e de Fiscalización

RESOLVO:

Primeiro: Aprobar a concesión dos premios en metálico de 5.000,00 € a cada un dos seguintes centros en función das distintas modalidades:

Modalidade	Expediente	Expediente de pago	Solicitante	NIF	Proxecto
A	2023000039983	2024000022410	ESCUELA UNITARIA GRADUADA (2) DE VILARIÑO-JOBRE (POBRA DO CARAMIÑAL) CGA	Q6555420F	APRENDENDO DESDE O CO-RAZÓN
B	2023000040053	2024000022414	CEIP DE BAROUTA	Q6555588J	EDUCAR NA IGUALDADE PARA A IGUALDADE
C	2023000040171	2024000022415	INSTITUTO DE EDUCACION SECUNDARIA Y PROFESIONAL DE CURTIS CGA	Q6555267A	OES, E TI QUE OES?

Segundo.- Imputar o gasto dos premios concedidos, por importe de 15.000,00 €, á aplicación orzamentaria 0611/23122/481, documento contable A, operación 220240021400 do orzamento 2024.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.